



**CONCELLO
DE POIO**
Concellería de Educación
e Deportes



ACTO CONMEMORATIVO DEPORTE LOCAL - PREMIOS POIO MÓVESE

OBXECTO

A Concellería de Deportes, dende o Consello Municipal de Deportes, pon en marcha un evento dirixido a premiar o Deporte Local. Para o mesmo terá lugar un acto conmemorativo o 15 de febreiro de 2019 no Centro Cultural Xaime IIIa de Raxó.

Este acto ten como obxectivo principal recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e todos os valores que o Deporte comporta; e para que sirva de espello para incentivar aos máis pequenos e á poboación en xeral na práctica do deporte.

Acolléndonos á decisión adoptada polo Consello Municipal de Deportes do 16 de marzo de 2016, será un acto onde se dará visibilidade a outros valores asociados á práctica deportiva como a superación, a educación, a convivencia, o traballo en equipo e a recuperación da tradición no deporte.

MODALIDADES DOS PREMIOS

A elección do Consello Municipal de Deportes, entregaranse catro premios Poio Móvese, propoñendo as seguintes categorías:

- POIO MÓVESE FEMININO
- POIO MÓVESE MASCULINO
- POIO MÓVESE A UNHA ENTIDADE
- PREMIO ESPECIAL POIO MÓVESE

CANDIDATURAS

Poderán ser premiados/as todos/as os/as deportivos, clubs, entidades, asociacións ou persoas vinculadas co deporte local de Poio mediante unha colaboración desinteresada e debidamente acreditada.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

- Traectoria deportiva.
- Fomento da igualdade no deporte.
- Vinculación co Concello de Poio.
- Promoción dentro e forá do Concello.
- Valor educativo no deporte.
- Innovación no deporte.
- O deporte como superación.
- Fomento da coeducación no ámbito deportivo.
- Respecto e promoción do medioambiente.
- Posta en valor do Patrimonio.
- Impliación solidiraria no tecido deportivo.
- Inserción no deporte das persoas con discapacidades.
- Traballo, colaboración e implicación no tecido deportivo.
- Méritos a unha carreira deportiva.

PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DE PREMIADOS

Cada membro do CMD deberá facer unha proposta para cada unha das categorías de premios, brevemente motivada (modelo anexo).

As propostas presentadas serán sometidas a votación, por cada categoría, no CMD cunha puntuación de 1, 2 e 3 puntos.

As propostas con maior puntuación serán as elegidas. Nos casos de empate realizarase unha segunda votación e, no caso de persistir, prevalecerá o voto de calidade da Presidencia.

- **PREMIO ESPECIAL POIO MÓVESE** - Será decisión única do Consello Municipal do Deportes, previa valoración e votación das propostas presentadas.
- **PREMIO POIO MÓVESE FEMININO, PREMIO POIO MÓVESE MASCULINO e PREMIO POIO MÓVESE A UNHA ENTIDADE** - Por cada categoría seleccionárase ás tres propostas mellor puntuadas no CMD. As 9 propostas resultantes (3 por cada categoría) serán trasladadas a un xurado externo que será o encargado do fallo final. O xurado externo, composto por xornalistas e un representante do CMD, valorará as propostas cunha puntuación de 1 e 2 puntos. En todo caso, o/a representante do CMD valorará con 3 puntos aquelas propostas que mellor puntuación obtiveron no seno da CMD, trasladando desta maneira a vontade deste órgano colexiado ao fallo final.

Os/as premiados/as daranse a coñecer na Gala do Deporte, aproveitando así a ocasión para promocionar a todos/as os/as nominados/as de maneira conxunta.

XURADO

- Será o Consello Municipal de Deportes o que falle o Premio Especial Poio Móvese.
- Xurado externo: será o encargado do fallo dos restantes premios. Estará composto por xornalistas que cubren o Deporte local de Poio e un representante do Consello Municipal de Deportes.

PRAZOS

- As propostas poderán presentarse ata as 14:00 horas do día 23 de xaneiro de 2019 a través do seguinte enderezo electrónico:
deportes.poiomovese@concellopoio.gal
- O día 24 de xaneiro de 2019 terá lugar a sesión extraordinaria do CMD para someter a votación as propostas presentadas.
- Todas as propostas que se presenten fóra do prazo sinalado serán excluídas.

ENTREGA DE PREMIOS

Terá lugar o día 15 de febreiro de 2019 no Centro Cultural Xaime IIIa de Raxó, no transcurso da Gala Poio Móvese.